



Hai que romper, romper, romper:

(...)

Hai que romper os púlpitos, as torres de homenaxe,
os parapetos, as almeas, romper as saeteiras,
hai que romper os fosos, hai que romper o escuro
e abrir as portas.

(...)

Hai que romper de norte a sul Galiza,
queimar as rozas dunha idade antiga
e ver nacer o sol, lástima fora.

(...)

Terra querida, que sempre chegas tarde
ou chegas antes ou despois da Historia
e andamos foscos no correr do tempo.

Hai que romper, romper agora!

Avilés de Taramancos, do poemario Última fuxida a Harar

Recibide a benvinda a esta XVI Asemblea Nacional do BNG, con estes versos, en homenaxe ao noso compañeiro Avilés de Taramancos.

Quero hoxe, neste acto de apertura, darvos as grazas. Grazas á todas e cada unha das persoas que formades parte da familia nacionalista. Nada do que somos sería posíbel sen vós, sen o voso compromiso, sen o voso impulso. Grazas por estar aí, grazas pola vosa xenerosidade e compromiso.

Sei ben que vivimos tempos complicados e confusos.

Había nubes negras no horizonte, mais a forza do noso amor disipou a tormenta, e aquí estamos, en pé, cun sorriso, abrindo un futuro cargado de esperanza.

Permitídemme que aproveite este acto para darlles á benvinda ás persoas que por primeira vez participan nunha Asemblea Nacional do BNG. Recibamos cun cálido aplauso as galegas e galegos que se suman ao proxecto do BNG, á xente da FOGA e as todas as persoas que se fixeron militantes neste ano! Benvidas á vosa casa!

Estamos nun momento de sumar e de agrandar a base social do nacionalismo. Temos

que ter as portas abertas a todas as persoas que senten a Galiza, que pensan que merecemos un futuro mellor. Un futuro que deixe atrás a corrupción sistémica deste réxime, o roubo de dereitos e de liberdades e o empobrecemento dos traballadores e das traballadoras.

Os galegos e galegas somos mellores que os gobernos de Rajoy e de Feijóo, e merecemos algo máis. Sabemos que construír un futuro mellor non só é posíbel, é urxente e necesario!

Facelo depende directamente de nós. TEMOS QUE TER confianza en Galiza e no pobo galego. E NON HAI QUE TER medo a voar. Non temos que ter medo e tomar as nosas propias decisións. Porque ese é o camiño para avanzar, progresar e modernizar Galiza.

Disto vai a Asemblea Nacional que culminamos esta fin de semana: De poñer a punto o Bloque, de sementar esperanza e confianza no noso proxecto, de abrir un tempo novo para o BNG e para Galiza.

Un tempo novo que non sae da nada, temos pasado e estamos orgullosos del. O BNG é fillo das Encrobas, da AN-PG, de Moncho Valcarce, da marcha contra a central nuclear de Xove.

Somos fillas do non a OTAN e da defensa do pacifismo e o antimperialismo.

Somos herdeiras da mellor tradición galega, da que saíu ás rúas contra a incompetencia e berrou Nunca Máis, do Non á Guerra, das que Queremos Galego.

Mais tamén fomos construíndo bo facer cando gobernamos e demostrando que temos un proxecto de país que funciona. E só vos digo que visitedes Pontevedra, Rianxo, Tomiño, Bueu, Muras, Ribadeo, Santiso, Toques, Allariz, Baños de Molgas, Carballo, Carnota, Zas, Fene, Moeche, San Sadurniño, A Pobra do Brollón, A Mezquita, Viana do Bolo, Mazaricos, As Neves, Pontearreas, Moaña, Castrelo de Miño, Barro, Poio, A Rúa. **Aí está a Galiza que queremos e a Galiza que podemos ser.**

Pero eu hoxe quero invitarvos a que fuxamos de toda autocomplacencia e conformismo.

Galiza necesita un BNG unido, sólido e cun proxecto renovado.

Neste último ano fixemos unha reflexión en profundidade a través do *Proceso Adiante*. Un proceso de debate, aberto, sen corsés onde militantes e simpatizantes trasladamos opinións, críticas, reflexións e ideas de por onde seguir camiñando. Deste debate nacen as teses que durante hoxe e mañá debateremos nesta Asemblea Nacional.

Incluimos importantes actualizacións no plano analítico, no organizativo e no político. Debatenos uns novos estatutos, unha reactualización dos principios políticos que rixen o BNG desde súa fundación, e unha revisión e incorporación de novos métodos e ferramentas para sermos unha organización máis operativa e con maior incidencia social.

Iso si, o que non cambiamos é que somos nacionalistas. O que non cambiamos é que somos unha organización asamblearia, por certo, a organización máis democrática do Estado español, onde quen máis decide é a militancia. E así ten que seguir sendo.

Pídivos que debatades con liberdade e lealdade: fagamos do diálogo e da unidade, a nosa carta de presentación.

Hoxe o BNG é unha organización da que se fala polas nosas ideas e propostas, e temos que soldar, desde a fraternidade, a unión dos galegos e galegas que pensamos que Galiza é unha nación e queremos conquistar liberdade.

Estamos nun momento no que Galiza precisa máis que nunca o nacionalismo, e non podemos permitirmos o luxo de fallar. Estou convencida que non fallaremos!

O PP leva anos sementado discordias, e nós temos que sementar unidade das galegas e dos galegos. O PP levan anos destruindo dereitos e conquistas sociais, e nós temos que ser o motor que recupere os dereitos roubados. O PP leva anos atacando a nosa lingua e a nosa cultura. Nós temos que ser un vendaval de liberdade contra a súa invernía. Temos que poñer en marcha unha cicloxénese afectiva que poña a Galiza no debate e que recupere o sentido de país e o orgullo de ser desta terra.

Hai poucos días visitei un instituto en Vilalba. Mozas e mozos que ante a pregunta de “como vedes o futuro?”, tod@s, sen dubidalo nin un segundo, dixeron que mal. E boa

parte deles víanse na emigración. Esa é a Galiza na boa dirección da que nos fala día si día tamén, Alberto Núñez Feijóo, nos medios de comunicación? Nós queremos unha Galiza onde a mocidade mire con confianza o futuro. Temos a obriga de deixarles ás xeracións que veñen detrás, unha Galiza mellor que a que nos legaron os noso pais e as nosas nais.

É necesario unir aos galegos e galegas e reactivar a confianza no que podemos facer colectivamente. O BNG representa unha alternativa para modernización, desenvolvemento e benestar de Galiza. Unha proposta ampla, beneficiosa e desexable para as grandes maiorías. O nacionalismo é unha ferramenta útil e aberta para a construción dunha Galiza mellor para todas e todos.

Hai que construír esa Galiza sobre a base da autoestima colectiva, sementando a ilusión de vivir nun país que merece a pena, nun país con oportunidades e do que non haxa que marchar.

Nada máis importante, nada máis revolucionario para o nacionalismo que sermos capaces de propoñer un proxecto novo de país para as maiorías sociais do noso pobo.

Convídevos a que nestes dous días sigamos en bloque, construíndo un tempo novo, con humildade, con crítica e autocrítica.

Coa cabeza e corazón nesta terra.

Porque nós sabemos que moita xente pequena, en lugares pequenos, facendo cousas pequenas, podemos mudar o mundo.

Movamos o mundo desde Galiza!

Viva o BNG.

Viva Galiza Ceibe.